


A manifestación convocárona asociacións ecoloxistas, sociais e políticas, estas foron: ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), AGENG (Asemblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas de Galiza), APDR (Asociación para a Defensa da Ría de Pontevedra), BNG (Bloque Nacionalista Galego), CAF (Comités Abertos de Facultade), CIG (Confederación Intersindical Galega), CC.OO. (Comisións Obriras), EU-EG (Esquerda Unida-Esquerda Galega), GN (Galiza Nova), SGHN (Sociedade Galega de Historia Natural), SLG (Sindicato Labrego Galego), Comisión de Viciños en contra da Incineración de Cerceda, Plataforma de Ordes contra a Incineración, Plataforma de Rexeite á Planta de Transferencia de Lixo do Salnés.

Na Alameda, a partires das 12 horas, comenzaron a mirarse variadas pancartas cunha mensaxe común de apoio á ILP e á reciclaxe. Moitas das pancartas pertencían a grupos ecoloxistas de toda Galiza e reflectían a opinión da meirande parte da sociedade galega (Máis de 50.000 sinaturas recollidas en toda Galiza). Unhas 3.000 persoas partiron da Alameda cara a Praza da Quintana, onde rematou o percorrido.

Todo o acto aconteceu con tranquilidade e ó chegar á Quintana o portavoz dos promotores da iniciativa,



**9 de Xuño**

## MANIFESTACIÓN POLA RECICLAXE E CONTRA A INCINERACIÓN

O 9 de xuño en Compostela celebrouse o último acto da campaña a favor da Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) antes de ser debatida no Parlamento.

Por María Villaverde Bestilleiro

tiva, Manuel Soto Castiñeira, pasou á lectura do manifesto de apoio á ILP. Manuel Soto resaltou a inviabilidade do Plan da Xunta polo alto custe do transporte e pola necesidade de incinerar o papel e os plásticos. Tamén lembrou o problema sen resolver das industrias incineradoras, a emisión á atmosfera de compostos altamente tóxicos, dioxinas e furanos. Aclarou os efectos destes compostos na saúde, poden producir cancro e malformacións xenéticas entre outras enfermidades. Por último fixo fincapé na importancia da recollida selectiva e a reciclaxe para a preservación dos recursos naturais que se acadaría a través da estratexia dos 3Rs: reducir, reutilizar e reciclar.

Despois da lectura moitos dos asistentes á manifestación acudiron á comida que se deu na "Casa do Patín", perto de Santiago, onde comenzaban a formularse dúas preguntas entre as persoas que alí estaban. A primeira era quen apoiaria a ILP no Parlamento, a segunda, como se continuaria traballando a nivel social a estratexia dos 3R despois da lectura da ILP no Parlamento.

Sen dúbida ningunha, todo o mundo estaba tranquilo polo esforzo feito ó longo da campaña e tamén pola tremenda repercusión social que ésta tivo en Galiza. Este foi un bo comenza para que a administración teña en conta á opinión pública.■

